

**CONVENIO MARCO ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE
COMPOSTELA (ESPAÑA) E A ESCUELA POLITÉCNICA DEL EJÉRCITO
(ECUADOR)**

D. Senén Barro Ameneiro, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A, e domicilio na Praza do Obradoiro, s/n, 15782 Santiago de Compostela (España), actuando en nome e representación da mesma, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 6/2001 de Universidades, do 21 de decembro e do Decreto 28/2004, do 22 de xaneiro, polo que se regulan os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela,

e D. Hugo Rubén Navia Loor, Xeneral de Brigada, Reitor da Escuela Politécnica del Ejército, con domicilio na Avenida General Rumiñahui s/n Valle de los Chillos Sangolquí (Ecuador), actuando en nome e representación da mesma, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica de Educación Superior de Ecuador, publicada no Rexistro Oficial No 77 de 15 de maio de 2000 e do Estatuto aprobado mediante Decreto Executivo No 1585 de 13 de xuño de 2001.

Desexando promover e fomentar a cultura científica mediante unha colaboración nos campos do ensino e a investigación, excluindo aqueles aspectos que conducen ó desenvolvemento de proxectos con fins armamentísticos ou bélicos, e convencidos de que constitúe o mellor mecanismo para o mellor coñecemento das dúas institucións en beneficio recíproco, acordan establecer relacións de cooperación a través do presente convenio marco, de acordo coas cláusulas seguintes.

**PARTE PRIMEIRA
DISPOSICIÓNS XERAIS**

Artigo 1.-Obxectivos do Convenio

O Convenio ten por obxectivo facilitar e desenvolver o intercambio de persoal docente e investigador entre a Universidade de Santiago de Compostela (USC) e a Escuela Politécnica del Ejército (ESPE).

Aínda que o Convenio non ten carácter contractual, establece os principios xerais e as condicións baixo as que se levará a cabo a intención de colaborar das dúas institucións. Os “acordos específicos”, que se unirán como anexo a este Convenio Xeral, definirán e regularán os termos do intercambio de profesores e investigadores individuais para proxectos concretos. O Consello de Goberno da USC será informado dos mesmos.

Tamén constitúe obxecto do presente acordo xeral, o desenvolvemento de intercambios de estudantes, principalmente de doutoramento, coa convicción compartida de que tales intercambios contribúen á amizade e comprensión internacionais, e ó coñecemento global das dúas institucións participantes por parte dos estudantes que participen nos



S

mesmos. Os intercambios de estudantes tamén figurarán nos “acordos específicos”, que se unirán como anexo a este acordo xeral.

Artigo 2. Áreas ás que se aplica o acordo.

O disposto no presente acordo xeral aplícase ás áreas de coñecemento de interese para as dúas institucións.

Artigo 3.- Coordinador do acordo.

Cada unha das partes designará un profesor coordinador do acordo que actuará como dinamizador do mesmo no seo de cada unha das universidades. O coordinador preparará os “acordos específicos” mencionados no artigo 1, e cada ano elevará ós responsables de cada universidade a proposta dos profesores, investigadores e alumnos que eventualmente participarían no intercambio. No caso de intercambio de estudantes, o coordinador actuará como conselleiro en materia académica e loxística.

Artigo 4.-Financiamento.

Este acordo non xera por si mesmo ningún compromiso financeiro, e ningunha das institucións está obrigada a reservar fondos específicos para as necesidades que se poidan derivar do mesmo.

Os participantes dos intercambios poderán aproveitar axudas económicas con fondos dos departamentos, calquera que sexa a súa orixe e calquera outra axuda que, con carácter xeral, outorgue cada universidade e outras institucións ou particulares, por exemplo, bolsas de viaxe.

Sen prexuízo do que se especifica nos artigos 8 e 16 en orde a certos aspectos económicos do intercambio de profesores, investigadores ou estudantes, as únicas axudas financeiras específicas que se puideran excepcionalmente conceder por parte de cada unha das universidades, concretaríanse, no seu caso, nos correspondentes “acordos específicos” propostos anualmente polo coordinador, se estas axudas financeiras son aprobadas polos responsables da cada unha das institucións.

**PARTE SEGUNDA
INTERCAMBIO ACADÉMICO**

Artigo 5.-Selección dos candidatos para o intercambio.

Durante o primeiro semestre do ano académico, cada departamento interesado, a través do coordinador do acordo, propondrá a unha o máis persoas, ata un máximo de catro, para participar en docencia ou investigación no seguinte ano académico na outra Universidade, suposto que existan candidatos e que estean dispostos a aceptar este cometido. Os candidatos propostos por cada universidade deberán ser aceptados e recibir a conformidade da universidade anfitriona. Todos os nomeamentos e permisos



S

que deban solicitar os membros do persoal docente e investigador someteranse ós trámites ordinarios existentes na universidade do candidato.

Artigo 6.-Período de nomeamento

O período de nomeamento, salvo casos excepcionais, será como mínimo dunha semana, e non poderá ser superior a seis meses. Excepcionalmente, poderanse realizar nomeamentos por períodos de tempo máis longos.

Artigo 7.- Deberes e responsabilidades

As obrigas profesionais e docentes asignadas ós profesores e investigadores que participen no intercambio por parte da universidade anfitrióna, non poderán ser superiores ós deberes semanais esixidos ós colegas da propia universidade. O nivel de responsabilidade asignado será o axeitado ó rango e ó historial do profesor que participa no intercambio.

Artigo 8.-Retribución

Durante a súa residencia na universidade anfitrióna, os profesores e investigadores que participen no intercambio, recibirán os seus salarios completos da súa universidade de orixe, xunto cos complementos e beneficios sociais a que teñan dereito. O profesor ou investigador hóspede deberá acreditar ante a Unidade de Relacións de Cooperación Interinstitucional da ESPE ou a Oficina de Relacións Exteriores da USC a posesión dun seguro médico que cubra suficientemente a súa asistencia sanitaria durante o período de intercambio nos termos esixidos pola lexislación de estranxeiría vixente.

**PARTE TERCEIRA
INTERCAMBIO DE ESTUDIANTES**

Artigo 9.-Número de estudantes do intercambio

O número de estudantes será determinado anualmente, de común acordo, polas dúas partes.

Artigo 10.-Período de intercambio

O período de intercambio non excederá de un ano académico.

Artigo 11.-Graos conferidos na institución receptora

Os estudos realizados nunha das universidades, serán recoñecidos como válidos na outra para completar un determinado currículo ou obter un título concreto, se se cumpren os requisitos establecidos por cada universidade; para estes efectos, cada universidade comprométese a enviar á outra unha certificación na que consten os créditos realizados polo alumno e a calificación obtida nos mesmos.

Se os estudantes que participan no intercambio desexan continuar un programa para obter un grado ou título na universidade anfitriona despois de concluído o período de intercambio, deberanse someter ós requisitos e normas para ser admitidos na universidade e en cada programa concreto. Ademais deberán aboar todas as taxas aplicables, esixidas ós estudantes estranxeiros matriculados.

Artigo 12.- Selección dos candidatos para o intercambio

Cada estudante que participe no intercambio debe ser seleccionado seguindo o procedemento establecido internamente por cada universidade e, en todo caso, deberá ser proposto polo coordinador do acordo. En todo caso, cada unha das institucións comprométese a presentar documentos como certificados de estudos e outros materiais relevantes para cada seleccionado. A universidade anfitriona resérvase o dereito de aprobar e admitir todas as solicitudes.

Artigo 13.- Requisitos dos coñecementos lingüísticos

Cada unha das partes deste acordo esforzarase por seleccionar unicamente estudantes que posúan coñecementos para seguir as clases que deben recibir na universidade anfitriona durante o período de intercambio. Sen embargo, se se estima necesario, a institución anfitriona pode esixir ós estudantes que participan no intercambio que reciban ulteriores leccións do idioma despois da súa chegada.

Artigo 14.- Réxime da institución receptora


Sen prexuízo do establecido no artigo 15, os estudantes que participen no intercambio, están suxeitos a todas as normas, igual que os estudantes da universidade receptora, no que concirne ós requisitos de admisión, conducta, e resultados das clases.

Artigo 15.- Renuncia de taxas

Cando os estudantes que participen no intercambio estean matriculados na institución de orixe e teñan aboado as taxas de matrícula preceptivas antes da súa partida, a institución receptora non lles cobrará ningunha outra taxa a maiores. Quedan expresamente excluídos da oferta académica da USC todos aqueles estudos que teñan a denominación "título propio". Se o estudante de intercambio desexa matricularse neste tipo de estudos, poderá facelo, pero deberá aboar as correspondentes taxas de matrícula.

Artigo 16.- Apoio financeiro adicional

Os termos e as condicións de calquera apoio financeiro adicional, como bolsas, subvencións, soldos, e axudas que poidan ser proporcionadas ós estudantes que participan no intercambio por calquera das dúas institucións, axencias gubernamentais ou calquera terceiro, deben ser detalladas nos "acordos específicos" separados que se unirán como anexo a este acordo xeral. En ausencia de calquera tipo de especificación nos "acordos específicos", ningunha das dúas universidades, asumirá ningún tipo de responsabilidade financeira adicional polos estudantes patrocinados pola outra.



Artigo 17.- Responsabilidades financeiras dos estudantes que participen no intercambio

Con independencia de calquera apoio financeiro adicional que poidan percibir, os estudantes correrán con todos os gastos que se deriven do intercambio, incluíndo gastos de viaxe, habitación e comida. As dúas universidades esforzaranse en proporcionarlles habitación en residencias universitarias se o solicitan expresamente e resultase posible. Cada estudante tamén debe realizar, á súa costa, un seguro para cubrir as continxencias médicas no país receptor.

Artigo 18.- Certificacións académicas

A universidade receptora enviará directamente á universidade de orixe o certificado dos resultados académicos dos estudantes, cando este certificado lle sexa solicitado polos estudantes ou pola universidade de orixe.

**PARTE CUARTA
ADMINISTRACIÓN E DURACIÓN DO ACORDO**

Artigo 19.- Avaliación periódica

As dúas partes do acordo avaliarán os resultados dos intercambios para determinar se se están acadando ou non os obxectivos de docencia e investigación do intercambio. A avaliación basearase nun informe que os coordinadores deberán elaborar, como mínimo, cada dous anos, ou antes se o solicita unha das partes. As dúas universidades poderán celebrar reunións conxuntas para esta avaliación ou calquera outro tipo de encontro directo entre os responsables universitarios que se estime axeitada. Estas reunións celebraranse, alternativamente en cada unha das universidades, e a universidade de orixe correrá cos gastos de viaxe dos participantes, que non poderán ser máis de cinco, namentres que a universidade receptora correrá cos gastos de aloxamento e estancia.

Artigo 20.- Duración e terminación

Este acordo producirá efectos a partir do día da súa sinatura e manterá a súa vixencia por un período de dous anos. O acordo xeral poderase renovar por acordo mutuo das partes. Presumirase o acordo, e o acordo renovarase automaticamente por períodos sucesivos de dous anos, se ningunha das partes realiza manifestación algunha en sentido contrario. As dúas partes resérvanse o dereito de dar por concluído este acordo mediante comunicación escrita enviada con seis meses de antelación á data na que se deba dar por extinguido o acordo.

Artigo 21.- Linguas do acordo

O presente acordo xeral está redactado en 4 exemplares idénticos, 2 en versión castelán e 2 en versión galega. Unha vez asinados os 4 exemplares polos máximos responsables de cada unha das universidades, a USC reterá 1 exemplar en galego e 1 en castelán, mentres que a ESPE conservará os restantes exemplares.



S

Artigo 22.- Administración, modificacións e comunicacións

A administración do presente acordo xeral será responsabilidade da Unidade de Relacións de Cooperación Interinstitucional da ESPE e do Vicerreitor de Relacións Institucionais da USC. Calquera tipo de adicións, cambios ou supresións teñen que ser aprobados por estes dous representantes de cada unha das universidades, e incorporaranse como anexo a este acordo xeral. Todas as comunicacións faranse por escrito ás persoas mencionadas nos seguintes enderezos:

Para a USC: Vicerreitoría de Relacións Institucionais
Oficina de Relacións Exteriores
R. Casas Reais, nº8
Universidade de Santiago de Compostela
15782 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Fax: 0034 981 578 017
Teléfono: 00 34 981 584 989
Correo electrónico: ORE@USC.ES


Para a ESPE: Unidad de Relaciones de Cooperación Interinstitucional URCI
Edificio Administrativo 4º Piso
Escuela Politécnica del Ejército
Av. General Rumiñahui s/n Sangolquí
Fax: 593 2 2334952
Teléfono: 593 2 2334967
Correo Electrónico asuquilanda@espe.edu.ec


Para constancia e conformidade do estipulado asinan as partes .

Pola Universidade de Santiago de Compostela,

Senen Barro Ameneiro, Reitor



Pola Escuela Politécnica del Ejército,

Hugo Rubén Navia Loo, Reitor
GENERAL DE BRIGADA



Data:: 31 MAR. 2009

Data:: 1 - JUL. 2009